

MANIFESTO DOS ESCRITORES GALEGOS SOBRE ROSALIA

Coincidindo co centenário da morte de ROSALIA neste ano de 1985, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (A.E.L.G.) quer manifestar o seguinte:

1. Rosalía de Castro foi —e segue a ser— unha escritora manipulada, con deliberada ocultación e terxiversación de aspectos fundamentais da súa personalidade e da súa obra, por aqueles que administraron, e administran, unha visión da Galiza tranquilizadora, sumisa, bucólica e folklorizante.

2. Alertados ante o feito de que as homenaxes oficiais e oficiosas vaian servir para aínda máis confundir e escurecer a súa significación perante o noso pobo, nós reivindicamos o seu papel de loitadora comprometida coas clases populares do país.

3. Estamos certos de que a súa obra e a súa actitude foron fundamente conflictivas e descubridoras dunha realidade aínda hoxe ocultada e negada.

4. Impórtanos moito esclarecer que Rosalía tivo sempre unha conciencia moi clara de estar contribuíndo coa súa obra en galego á construción dunha literatura nacional, e que —como ela própria dixo no prólogo de **Follas novas**— «non era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma tiña levantado».

5. Nesta guerra os escritores galegos, continuándonos o seu exemplo, seguimos a estar comprometidos para conseguirmos a literatura normal dun país digno e soberano.

6. Por todo isto, aínda que sabemos que a valoración apropiada de Rosalía so será posíbel no contexto devandito, convidamos a todos os galegos e galegas a unha lectura directa dos seus textos de abondo expresiva e elocuente, como a mellor homenaxe que se lle poda tributar.

ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

64 / 28 DE FEBREIRO / 1984

NOSA TERRA